

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG131083	<i>Expediente</i> CON/65/2018	<i>Fecha</i> 18-02-19 11:00

Número 4 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa a deixar deserta a licitación destinada á compra dun vehículo todoterreo tipo Pick Up para protección civil do Concello de Santiago.

Destinatario

15078DCMG131083d



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 15 de febreiro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

4 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE, CONVIVENCIA E INFORMÁTICA RELATIVA A DEIXAR DESERTA A LICITACIÓN DESTINADA Á COMPRA DUN VEHÍCULO TODOTERREO TIPO PICK UP PARA PROTECCIÓN CIVIL DO CONCELLO DE SANTIAGO.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, de data 22 de febreiro de 2019, así como do informe favorable de Intervención nº 46/2019, da xefe de sección de data 12.febreiro.2019, conformado polo interventor coa mesma data.

Na devandita proposta indícase o seguinte:

"Xan Duro Fernández, concelleiro delegado de medio ambiente, convivencia e informática, e presidente da mesa de contratación da licitación "Subministración dun vehículo todoterreo tipo Pick Up para protección civil do Concello de Santiago", consonte aos termos establecidos no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 28/06/2017,

EXPÓN:

Primeiro: Con data 11 de decembro de 2018, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador NOYAMOVIL SL.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG131083	<i>Expediente</i> CON/65/2018	<i>Fecha</i> 18-02-19 11:00

Segundo: Con data 8 de xaneiro seguinte, celébrase a mesa de contratación na que se da conta do escrito presentado pola empresa proposta como adxudicataria, que retira a súa oferta ante a imposibilidade de cumprimento dunha das cláusulas do prego de aplicación, polo que se acorda deixar deserta a licitación.

En consecuencia, e consonte ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Deixar deserta a licitación destinada á compra dun vehículo todoterreo tipo Pick Up para protección civil do Concello de Santiago CON/65/2018, unha vez retirada a oferta do único licitador presentado.

Así mesmo, procede liberar o crédito reservado á financiación deste contrato, que ascende á cantidade de 18.755 euros, e se imputa a aplicación orzamentaria 060 13500 62400."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes deixar deserta a licitación destinada á compra dun vehículo todoterreo tipo Pick Up para protección civil do Concello de Santiago CON/65/2018, unha vez retirada a oferta do único licitador presentado.

Así mesmo, acórdase liberar o crédito reservado á financiación deste contrato, que ascende á cantidade de 18.755 euros, e se imputa a aplicación orzamentaria 060 13500 62400.

O CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández

